

Elas fano en galego



Aldaolado

(Nacen como dúo poético musical no 2005)

Lucía Aldao (A Coruña, 1982) e **María Lado** (Cee, 1979) son dúas poetas galegas de consolidada carreira, que se uniron no ano 2005 para xuntar os seus esforzos creativos dando lugar a Aldaolado. Con este proxecto artístico achegan a poesía con recitais moi atractivos, levando a poesía ás bibliotecas, ás aulas, aos grandes palcos e teatros, pero tamén ás tabernas e aos mercados, democratizando a poesía.

Nos seus espectáculos María e Lucía tratan temas de interese colectivo a través do humor, coma a lingua, o amor romántico, a igualdade de xénero, a vida de poeta... e moitos outros temas e sempre con empatía co público e con humor.

Como Aldaolado publicaron *Ninguén morreu por ler poesía* (Xerais, 2020) pero teñen moitos outros títulos en solitario.

Información tirada de <https://gl.wikipedia.org/wiki/Aldaolado>, <https://urdime.gal/project/aldaolado/> e <https://ferradura.blog/2020/10/28/a-proposito-de-ninguen-morreu-de-ler-poesia-de-aldaolado-en-xerais/>

[Poetas con música e humor]